



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O DÍA 2 DE XULLO DO 2015

### **Señoras e señores asistentes**

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventora:**

Dona Araixa Varela Bermúdez.

En Padrón, sendo as trece horas e trinta minutos do día dous de xullo de dous mil quince, reúnense en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de derecho componen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **1.- APROBACIÓN DO DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

Pola Secretaria dáse lectura á seguinte proposta do Alcalde de data 29 de xuño de 2015 que dí:

<<Considerando o disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), no artigo 78 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 23º do Regulamento orgánico do Concello publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998, coa modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007, nos que se prevé que o Pleno realizará sesión ordinaria como mínimo cada 2 meses,

**Propósito ao Pleno:**

**Primeiro.** Celebrar as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación Local cada dous meses o último xoves do mes que lle corresponda ás vinte horas no Salón de Sesións situado na primeira pranta da Casa do Concello, tendo lugar a primeira delas no mes de xullo do presente ano.

**Segundo.** De acordo co establecido no artigo 23º do Regulamento orgánico municipal, facultar ao señor Alcalde para pospoñer ou adiantar a realización das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes no que corresponde realizala, cando o día fixado sexa festivo ou inhábil ou se atope incluído nun período vacacional, comunicándoo aos interesados e publicándoo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**Terceiro.** Contra o presente acordo que pon fin á via administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen pernixio de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Comenta que é o que falaran sobre cambiar os meses pares polos impares.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Celebrar as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación Local cada dous meses o último xoves do mes que lle corresponda ás vinte horas no Salón de Sesións situado na primeira pranta da Casa do Concello, tendo lugar a primeira delas no mes de xullo do presente ano.

**Segundo.** De acordo co establecido no artigo 23º do Regulamento orgánico municipal, facultar ao señor Alcalde para pospoñer ou adiantar a realización das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes no que corresponde realizala, cando o día fixado sexa festivo ou inhábil ou se atope incluído nun período vacacional, comunicándoo aos interesados e publicándoo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**Terceiro.** Contra o presente acordo que pon fin á via administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen pernixio de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**2.- APROBACIÓN DO NÚMERO E DENOMINACIÓN DE COMISIÓN INFORMATIVAS PERMANENTES.**

Pola Secretaría dáse lectura á seguinte proposta do Alcalde de data 29 de xuño de 2015 que di:

<<Considerando que o artigo 124 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), e o 54º do Regulamento orgánico municipal (ROM) publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998, coa modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadrón.es](mailto:correo@concellodepadrón.es)

[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)

Tlf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

sinala que corresponde ao pleno o número e denominación das Comisións Informativas permanentes a proposta do Alcalde.

Considerando que a Comisión Especial de Contas é de existencia obrigada en todos os Concellos tal e como prevé o artigo 53º do ROM, o 20.1.d) e o 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e o 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG)

Considerando que o artigo 125 do ROF e o 54º e 55º do ROM establecen que o presidente nato de todas as comisións informativas é o Alcalde, e que no artigo 68.5 da LALG prevese que as comisións estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación, e que o seu número será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo aplicando neste último caso o voto ponderado, e

Considerando que estos mesmos artigos recollen que a adscrición concreta dos concelleiros ou concelleiras que formarán parte de cada unha das comisións informativas en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do voceiro de cada un deles dirixido ao señor Alcalde, poidendo designar un suplente para cada titular,

## Propoño ao Pleno:

**Primeiro.** Constituir as seguintes Comisións Informativas permanentes:

1. Comisión Especial de Contas, á que lle corresponderá o exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.
2. Comisión Informativa A), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de urbanismo, vivenda e solo, vias e obras, servizos públicos e casco histórico.
3. Comisión Informativa B), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de cultura, turismo, comercio, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, información e comunicación, festexos, novas tecnoloxías, educación e ensino, benestar e servizos sociais, praza de abastos e mercados.
4. Comisión Informativa C), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de deportes, promoción do emprego e traballo, persoal, réxime interior, tráfico, seguridade cidadá e economía e facenda.

**Segundo.** Establecer como sistema de representatividade dos diferentes grupos municipais en cada unha das Comisións Informativas previstas no apartado anterior a do voto ponderado, de xeito tal que cada grupo político nomeará un representante en cada unha delas e o seu voto equivaldrá a tantos votos como número de concelleiros e concelleiras teña o seu grupo político na Corporación Municipal.

**Terceiro.** Requerir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde a adopción do presente acordo, comuniquen, en escrito dirixido ao señor Alcalde que se presentará no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos Municipal, o nome do concelleiro ou da concelleira que adscribirá a cada unha das comisións previstas no apartado primeiro e do ou da suplente de cada un deles, do que se dará conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se convoque.

**Cuarto.** Contra o presente acordo que pon fin á via administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Seguidamente o señor Rodríguez Carbia da lectura á seguinte enmenda á proposta de data 2 de xullo do 2015:

<< MOTIVACIÓNES

1º.- O grupo mixto ingrármolo 4 formacións políticas ideolóxicamente dispares polo que resulta imposible poñerse de acordo que un voceiro/a poida actuar en representación de tódas forzas.

2º.- Os arts. 20.3, 46 e 47 da L 7/1985 de 2 de abril (bases de Réxime Local) e o art. 125 ROFCL recollen que todos os grupos integrantes da corporación terán dereito a participar nas comisións informativas e nos plenos.

O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

O art. 23.2 da CE recoñece o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos.

A doutrina constitucional sinala que non é admisible unha composición non proporcional das comisións informativas xa que, ao ser divisións internas do Pleno, deben reproducir en canto sexa posible a estrutura política deste, para evitar que se elimine a participación dos concelleiros da minoría na fase de estudio e elaboración das propostas e se conculque a posibilidade de participar con plena eficacia no estudio final das decisións (sentenzas do TC núm. 30/1993, de 23 de xaneiro e 32/1985, do 6 de marzo).

3º.- As comisións informativas municipais teñen por función o estudio, informe e consulta dos asuntos que se someterán á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta actúa con competencias delegadas polo Pleno e polo tanto o sistema de voto ponderado adoptado non vale para respectar o mandato da proporcionalidade duns órganos de estudio, informe e consulta, desbordando a potestade de auto organización do Concello, o voto ponderado só debe ser funcional na adopción de acordos polas comisións pero nunca na súa estrutura ou composición.

Polo que PROPOÑO:

Que tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poidan participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles curse convocatoria e teñan voz e voto nas mesmas. O voto ponderado só debe considerarse a efectos de formacións que constitúan grupo político propio, de consideralo estás oportuno, por acadar un mínimo de dous concelleiros.>>

Sra. Secretaria. Solicita a palabra ao señor Presidente, quen lla concede, para advertir á Corporación que a enmenda non resulta compatible coa lexislación vixente dado que o sistema de representación dos grupos políticos municipais nas comisións informativas ou ben é o de voto ponderado ou o sistema de proporcionalidade, pero é por grupo político e o grupo mixto é un grupo político da Corporación e polo tanto, como moito, corresponderíalle polo sistema de voto ponderado, un, e polo sistema de proporcionalide, dous.

Sr. Alcalde. Di que xa o tiñan falado na comisión, pero que eles coa advertencia da Secretaria vanse abster.

Non producíndose debate sobre a enmenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Cinco (5), emitidas polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda, por maioría, introducir a seguinte enmenda na proposta formulada polo señor Alcalde o 29 de xuño de 2015:

Tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poderán participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles cursará convocatoria e terán voz e voto nas mesmas. O voto ponderado só debe considerarse



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tlf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

a efectos de formacións que constitúan grupo político propio, de consideralo estas oportuno, por acadar un mínimo de dous concelleiros.

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta, coa inclusión da enmenda aprobada, producindose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓN:** Cinco (5), emitidas polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioria, o seguinte acordo:

**Primeiro.** Constituir as seguintes Comisións Informativas permanentes:

1. Comisión Especial de Contas, á que lle corresponderá o exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.
2. Comisión Informativa A), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de urbanismo, vivenda e solo, vias e obras, servizos públicos e casco histórico.
3. Comisión Informativa B), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de cultura, turismo, comercio, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, información e comunicación, festexos, novas tecnoloxías, educación e ensino, benestar e servizos sociais, praza de abastos e mercados.
4. Comisión Informativa C), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de deportes, promoción do emprego e traballo, persoal, réxime interior, tráfico, seguridade cidadá e economía e facenda.

**Segundo.** Establecer como sistema de representatividade dos diferentes grupos municipais en cada unha das Comisións Informativas previstas no apartado anterior a do voto ponderado, de xeito tal que cada grupo político nomeará un representante en cada unha delas e o seu voto equivaldrá a tantos votos como número de concelleiros e concelleiras teña o seu grupo político na Corporación Municipal.

Tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poderán participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles cursará convocatoria e terán voz e voto nas mesmas. O voto ponderado só debe considerarse a efectos de formacións que constitúan grupo político propio, de consideralo estas oportuno, por acadar un mínimo de dous concelleiros.

**Terceiro.** Requerir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde a adopción do presente acordo, comuniquen, en escrito dirixido ao señor Alcalde que se presentará no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos Municipal, o nome do concelleiro ou da concelleira que adscribirá a cada unha das comisións previstas no apartado primeiro e do ou da supلente de cada un deles, do que se dará conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se convoque.

**Cuarto.** Contra o presente acordo que pon fin á via administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

### **3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE PADRÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Pola Secretaria dáse lectura á seguinte proposta do Alcalde de data 29 de xuño de 2015 que dí:

<<Considerando o disposto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), que sinala que o Pleno da Corporación debe acordar o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan competencia do Pleno,

**Propónese ao Pleno:**

**Primeiro.** Nomear representante do Concello de Padrón nos Consellos Escolares dos Centros Educativos que se sinalan a continuación a dona LORENA COUSO DOPAZO e como suplente a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN:

- Centro de Educación Infantil Primaria Rosalía de Castro.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Angueira.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Ponte.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Extramundi.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Carcacia.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Rúa.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Esclavitude.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Retén.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Herbón.
- Centro de Educación Infantil Primaria Flavia.
- Instituto de Ensinanza Secundaria Camilo José Cela.
- Instituto de Ensinanza Secundaria Macías o Namorado.

**Segundo.** Nomear representante do Concello de Padrón na Rede de dinamización lingüística a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN e como suplente a dona LORENA COUSO DOPAZO.

**Terceiro.** Tendo en conta que o Presidente da Mesa Local do Comercio é o Alcalde do Concello, nomear representantes do Concello de Padrón neste órgano, como vogais, ás e aos seguintes pola orde que se indica:

1. Xoán André Santaló Ríos.
2. Anxo Rodríguez Conde.
3. Camilo Forján Seoane.

**Cuarto.** Nomear representantes do Concello de Padrón no Consello de dirección da Comunidade intermunicipal Terras de Iria de servizos públicos consorciados a don ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA, en tanto que Alcalde, e a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN.

**Quinto.** Nomear representantes deste Concello na Comisión Mixta de seguimento, cumprimento e coordinación do Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago, a don ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA, en tanto que Alcalde, e a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN, Concelleira delegada de turismo.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Sexto.** Nomear representante suplente do señor Alcalde na Comisión de Seguimento prevista na estipulación cuarta do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago, ao concelleiro don ANDRÉS SANMARCO SANTOS, concelleiro delegado de tráfico.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ás persoas nomeadas e ás entidades afectadas, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Aclará que, con respecto á Mesa Local de Comercio, púxose na proposta aos mesmos que estaban na anterior e que se queren algunha modificación non ten problema algúns en que se modifique. Que hai un representante do grupo mixto e os outros dous de cada grupo municipal.

Sr. Forján Seoane. Di que nos órganos dos Consellos Escolares dos centros educativos figura o Centro de educación infantil primaria de Herbón e pregunta se ese centro está funcionando actualmente.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que hai que suprimilo da proposta, pero iso non quere dicir que mañá en Herbón haxa doce nenos e haxa unha reapertura.

Sr. Forján Seoane. Replica que se está nomeando a un representante para un centro escolar que non existe.

Sr. Santaló Ríos. Di que non habería problema en cambiar a representación na Mesa Local de Comercio.

Sr. Alcalde. Contesta que agora non porque xa se vai votar pero que noutro pleno non habería problema.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Once (11), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños, señora Rey Pazos e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Dúas (2), emitidas polo concelleiro do BNG señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

**Primeiro.** Nomear representante do Concello de Padrón nos Consellos Escolares dos Centros Educativos que se sinalan a continuación a dona LORENA COUSO DOPAZO e como suplente a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN:

- Centro de Educación Infantil Primaria Rosalía de Castro.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Angueira.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Ponte.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Extramundi.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Carcacía.

- Centro de Educación Infantil Primaria de Rúa.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Esclavitude.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Retén.
- Centro de Educación Infantil Primaria de Herbón.
- Centro de Educación Infantil Primaria Flavia.
- Instituto de Ensinanza Secundaria Camilo José Cela.
- Instituto de Ensinanza Secundaria Macías o Namorado.

**Segundo.** Nomear representante do Concello de Padrón na Rede de dinamización lingüística a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN e como suplente a dona LORENA COUSO DOPAZO.

**Terceiro.** Tendo en conta que o Presidente da Mesa Local do Comercio é o Alcalde do Concello, nomear representantes do Concello de Padrón neste órgano, como vogais, ás e aos seguintes pola orde que se indica:

1. Xoán André Santaló Ríos.
2. Anxo Rodríguez Conde.
3. Camilo Forján Seoane.

**Cuarto.** Nomear representantes do Concello de Padrón no Consello de dirección da Comunidade intermunicipal Terras de Iria de servizos públicos consorciados a don ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA, en tanto que Alcalde, e a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN.

**Quinto.** Nomear representantes deste Concello na Comisión Mixta de seguimento, cumprimento e coordinación do Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conjunta dos concellos da área de Santiago, a don ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA, en tanto que Alcalde, e a dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN, Concelleira delegada de turismo.

**Sexto.** Nomear representante suplente do señor Alcalde na Comisión de Seguimiento prevista na estipulación cuarta do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conjunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago, ao concelleiro don ANDRÉS SANMARCO SANTOS, concelleiro delegado de tráfico.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ás persoas nomeadas e ás entidades afectadas, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

#### **4.- RECOÑECIMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL DE DIVERSOS CARGOS.**

Pola Secretaria dáse lectura á seguinte proposta do Alcalde de data 29 de xuño de 2015 que di:

**<<Antecedentes administrativos:**

Esta Alcaldía considera que existen motivos suficientes para que o Pleno reconeza a dedicación exclusiva para o exercicio do cargo de Alcalde-Presidente, así coma a dedicación parcial para determinados cargos e concelleiros/as encargados/as da dirección interna e a xestión de determinados servizos municipais debido a súa complexidade e a grande cantidade de traballo que conlevan co fin de acadar o mellor funcionamento de todos os servizos municipais.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadrón.es](mailto:correo@concellodepadrón.es)

[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)

Tlf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## Fundamentos de Dereito:

**Primeiro:** Considerando que a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) no seu artigo 75 e o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requirán cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que correspondan.

**Segundo:** Considerando que o artigo 14 da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servicio das Administracións Públicas, establece que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requerirá o previo recoñecemento de compatibilidade e que a resolución motivada reconhecendo a mesma ou, no seu caso, declarando a incompatibilidade, corresponde ao Pleno da Corporación Local.

**Terceiro:** Considerando que o artigo 13 do ROF establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así coma as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

**Cuarto:** Visto que o artigo 5 da Lei de Incompatibilidades establece que, excepcionalmente, o persoal incluído no seu ámbito de aplicación poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño do cargo electivo de membro dunha Corporación Local, salvo que desempeñen na mesma cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva, e que nestes supostos de membros das corporacións locais en situación de dedicación parcial a que fai referencia o artigo 75.2 LBRL se poderán percibir retribucións por tal dedicación, sempre que a desempeñen fora da súa xornada de traballo e sen superan en ningún caso os límites que con carácter xeral se establezan.

**Quinto:** Visto que o artigo 75.2 da LBRL establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requirán percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nos acordos plenarios de determinación dos cargos que levan aparellada esta dedicación parcial e as retribución das mesmas deberase conter o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

Esta Alcaldía, no uso das súas competencias, propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para o seguinte cargo:

- Alcalde- Presidente

**Segundo:** O recoñecemento e aprobación da dedicación parcial para os seguintes cargos e para os/as concelleiros/as que ostentan delegacións específicas pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan a continuación:

- Concelleiro/a delegado/a de cultura; turismo; comercio; casco histórico; igualdade e muller; xuventude e voluntariado; política lingüística; información e comunicación: 16 horas semanais.
- Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo (excluído o ámbito do casco histórico); vías e obras (excluído o ámbito do casco histórico) e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cementerios: 16 horas semanais.
- Concelleiro/a delegado/a de deportes; promoción do emprego e traballo; persoal; réxime interior e

tráfico: 12 horas semanais.

- Concelleiro/a delegado/a de festexos; novas tecnoloxías; educación e ensino; benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados: 12 horas semanais.

**Terceiro:** Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

- Alcalde- Presidente.....37.000,00 euros anuais
- Concelleiro/a delegado/a de cultura; turismo; comercio; casco histórico; igualdade e muller; xuventude e voluntariado; política lingüística; información e comunicación..11.500,00 euros anuais.
- Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo (excluído o ámbito do casco histórico); vías e obras (excluído o ámbito do casco histórico) e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cemiterios.....11.500,00 euros anuais.
- Concelleiro/a delegado/a de deportes; promoción do emprego e traballo; persoal; réxime interior e tráfico.....7.500,00 euros anuais.
- Concelleiro/a delegado/a de festexos; novas tecnoloxías; educación e ensino; benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados.....7.500,00 euros anuais.

**Cuarto:** Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza.

**Quinto:** Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde- Presidente, e concelleiros/as delegados/as aos que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva ou parcial, con efectos dende o día 2 de xullo do 2015, asumindo o Concello de Padrón o pago das cotas empresarias que correspondan.

**Sexto:** Dacordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algúns destes cargos unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.


**Sétimo:** Publicar o acordo plenario integralmente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL.

**Oitavo:** Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipais.>>

Sr. Alcalde. Explica que, dada a posibilidade de que a señora Lois Ferrón comience a traballar o próximo día 6 de xullo, introduzese unha enmenda recoñéndolle a compatibilidade.

Seguidamente o señor Alcalde da lectura á enmenda á proposta de data 2 de xullo do 2015:

<<Considerando que o artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo da Administración Pública establece que o exercizo de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requerirá o previo recoñecemento de compatibilidade e que a



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

resolución motivada reconhecendo a mesma ou, no seu caso, declarando a incompatibilidade, corresponde ao Pleno da Corporación Local.

Visto que a concelleira dona Carmen María Lois Ferrón manifestou a súa intención de asinar o vindeiro 6 de xullo un contrato de traballo no gabinete de información Cientoochentagrados Marketing&Comunicación, na categoría de xornalista-redactor.

Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) define a enmenda como "*la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto*", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

#### Propoño a seguinte enmenda:

Engadir no punto cuarto da proposta do Alcalde ao Pleno de 29 de xuño do 2015 o seguinte subapartado, e, en consecuencia,

#### Onde dí:

**Cuarto:** Reconocer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza.

#### Debe decir:

**Cuarto:** Reconocer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza
- Dona Carmen María Lois Ferrón: contrato laboral na categoría de xornalista-redactor no gabinete de información Cientoochentagrados Marketing&Comunicación.>>

Non producíndose debate sobre a enmenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Doce (12), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e

polo concelleiro do BNG señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda, por maioria, introducir a seguinte enmenda na proposta formulada polo señor Alcalde o 2 de xullo de 2015:

Engadir no punto cuarto da proposta do Alcalde ao Pleno de 29 de xuño do 2015 o seguinte subapartado, e, en consecuencia,

**Onde dí:**

**Cuarto:** Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza.

**Debe decir:**

**Cuarto:** Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza
- Dona Carmen María Lois Ferrón: contrato laboral na categoría de xornalista-redactor no gabinete de información Cientoochentagrados Marketing&Comunicación.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Solicita que se poña un horario a disposición do público no que os concelleiros van estar dispoñibles e se faga a publicidade necesaria para que a xente esté enterada. Que sería interesante que se publicara na páxina web.

Sr. González Pardal. Pide o mesmo.

Sr. Forján Seoane. Insiste no mesmo porque foi algo que se veu solicitando reiteradamente no mandato anterior.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Doce (12), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro do BNG señor Santaló Ríos.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioria, o seguinte acordo:

**Primeiro:** O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para o seguinte cargo:

- Alcalde- Presidente

**Segundo:** O recoñecemento e aprobación da dedicación parcial para os seguintes cargos e para os/as concelleiros/as que ostentan delegacións específicas pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan a continuación:

- Concelleiro/a delegado/a de cultura; turismo; comercio; casco histórico; igualdade e muller; xuventude e voluntariado; política lingüística; información e comunicación: 16 horas semanais.
- Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo (excluído o ámbito do casco histórico); vías e obras (excluído o ámbito do casco histórico) e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cemiterios: 16 horas semanais.
- Concelleiro/a delegado/a de deportes; promoción do emprego e traballo; persoal; réxime interior e tráfico: 12 horas semanais.
- Concelleiro/a delegado/a de festexos; novas tecnoloxías; educación e ensino; benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados: 12 horas semanais.

**Terceiro:** Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias más dúas pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

- Alcalde- Presidente.....37.000,00 euros anuais
- Concelleiro/a delegado/a de cultura; turismo; comercio; casco histórico; igualdade e muller; xuventude e voluntariado; política lingüística; información e comunicación...11.500,00 euros anuais
- Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo (excluído o ámbito do casco histórico); vías e obras (excluído o ámbito do casco histórico) e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cemiterios.....11.500,00 euros anuais.
- Concelleiro/a delegado/a de deportes; promoción do emprego e traballo; persoal; réxime interior e tráfico.....7.500,00 euros anuais.
- Concelleiro/a delegado/a de festexos; novas tecnoloxías; educación e ensino; benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados.....7.500,00 euros anuais.

**Cuarto:** Reconocer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón detallados na Resolución do Alcalde número 498/2015 do 25 de xuño.

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza.
- Dona Carmen María Lois Ferrón: contrato laboral na categoría de xornalista-redactor no gabinete de información Cientoochentagrados Marketing&Comunicación.

**Quinto:** Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde- Presidente, e concelleiros/as delegados/as aos que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva ou parcial, con efectos dende o día 2 de xullo do 2015, asumindo o Concello de Padrón o pago das cotas empresarias que correspondan.

**Sexto:** Dacordo co dispuesto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algúns destes cargos únicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Sétimo:** Publicar o acordo plenario integralmente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do dispuesto no artigo 75.5 LBRL.

**Oitavo:** Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipais.

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

En cumprimento do establecido no artigo 25 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 7º do Regulamento orgánico municipal (ROM) publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998, coa modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007, dase conta ao Pleno da constitución dos seguintes grupos políticos municipais:

- GRUPO MIXTO, constituído polos catro (4) concelleiros e concelleiras cuxo partido político, federación, coalición ou agrupación non obtivo un mínimo de 2 escanos, é dicir dona Teresa Rey Pazos, don Cesáreo González Pardal, don Xoán André Santaló Ríos e don Eloy Rodríguez Carbía. Non consta a designación de voceiro deste grupo municipal.
- GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, constituído polos dous (2) concelleiros que asinan o escrito presentado no Rexistro Municipal o 17 de xuño do 2015, é dicir don Camilo Forján Seoane e don Alberto Piñeiro Otero. No mesmo escrito os asinantes nomean como voceiro ao señor don Camilo Forján Seoane e suplente a don Alberto Piñeiro Otero.
- GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO GALEGUISTA DEMÓCRATA, constituído polos dous (2) concelleiros que asinan o escrito presentado no Rexistro Municipal o 18 de xuño do 2015, é dicir don Angel Rodríguez Conde e don Francisco Javier Guillán Iglesias. No mesmo escrito os asinantes nomean como voceiro ao señor don Angel Rodríguez Conde e suplente a don Francisco Javier Guillán Iglesias.
- GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, constituído polos cinco (5) concelleiros e concelleiras que asinan o escrito presentado no Rexistro Municipal o 19 de xuño do 2015, é dicir don Antonio Fernández Angueira, dona Carmen María Lois Ferrón, don José Ramón Pardo Andrade, don Andrés Sanmarco Santos e dona Lorena Couso Dopazo. No mesmo escrito os asinantes nomean como voceira a dona Carmen María Lois Ferrón e como suplentes a don José Ramón Pardo Andrade, dona Lorena Couso Dopazo e don Andrés Sanmarco Santos.

#### **6.- DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadrón.es](mailto:correo@concellodepadrón.es)

[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

En cumprimento do previsto nos artigos 38 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dase conta ao Pleno da Resolución do Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, pola que nomean aos membros da Xunta de Goberno Local e o réxime de sesións deste órgano:

<<Considerando ao establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réxime local (LBRL), e no 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario en todo municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiras ou concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel.

Considerando que segundo o establecido nos artigos 112 e 113 do ROF e artigos 49º e 50º do Regulamento orgánico municipal (ROM), publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998 (modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007), a Xunta de Goberno Local (antiga Comisión de Goberno) celebrará sesións ordinarias cada 15 días no día e hora que fixe o señor Alcalde,

## RESOLVO:

**Primeiro.** Nomear ás e aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón:

- DONA CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN.
- DON JOSÉ RAMÓN PARDO ANDRADE.
- DON ANDRÉS SANMARCO SANTOS.
- DONA LORENA COUSO DOPAZO.

**Segundo.** Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón os xoves ás dez (10:00) horas cada quince (15) días a contar desde a sesión constitutiva que terá lugar no prazo máximo dos 15 días contados desde a data da presente resolución.

**Terceiro.** Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar, dentro da mesma semana na que correspondería realizarla, o dia e hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que coincidan en día festivo ou inhábil.

**Cuarto.** Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ás e aos interesados, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Quinto.** Comunicar o presente acordo aos diferentes servizos municipais e dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.>>

## 7.- DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.

En cumprimento do previsto nos artigos 38 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dase conta ao Pleno da Resolución do Alcalde número 475/2015, do 19 de xuño, pola que nomean aos Tenentes de Alcalde do Concello:

<<Considerando o establecido nos artigos 20.1. e 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), no artigo 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), e nos artigos 18º a 21º do Regulamento orgánico municipal (ROM) publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998 (modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007), os Tenentes de Alcalde son un órgano necesario en todo Municipio e o seu nomeamento corresponde ao Alcalde, entre os membros da Xunta de Goberno Local, por resolución, polo que

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Nomear ás e aos seguintes membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón Tenentes de Alcalde pola orde que se indica:

- 1º. DONA CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN.
- 2º. DON JOSÉ RAMÓN PARDO ANDRADE.
- 3º. DON ANDRÉS SANMARCO SANTOS.
- 4º. DONA LORENA COUSO DOPAZO.

**Segundo.** Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ás e aos interesados, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Comunicar o presente acordo aos diferentes servizos municipais e dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.>>

**8.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DO ALCALDE DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS.**

En cumprimento do previsto nos artigos 38 e 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF) dase conta ao Pleno do Decreto do Alcalde número 498/2015, do 25 de xuño, polo que se delegan competencias en diversos concelleiros e concelleiras:

<<Considerando o disposto no artigo 23.4. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL) e nos artigos 43.3, 44, 45 e 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), nos que se recolle a posibilidade que o Alcalde delegue con carácter xeral competencias nos membros da Xunta de Goberno Local e con carácter específico noutros concelleiros ou concelleiras,

Considerando as competencias que o artigo 21.1. e 2. da LBRL atribúe ao Alcalde, coas limitacións recollidas no parágrafo 3 do mesmo artigo e as previstas no artigo 14º do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27 do 3 de febreiro de 1998,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Delegar con carácter xeral as seguintes áreas nos concelleiros e concelleiras que se indican, incluíndo, exclusivamente, as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes:



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tlf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

1. Deléganse en dona CARMEN MARÍA LOIS FERRÓN as áreas de,
  - 1.1. Cultura.
  - 1.2. Turismo.
  - 1.3. Comercio.
  - 1.4. Casco histórico.
  - 1.5. Igualdade e Muller.
  - 1.6. Xuventude e voluntariado.
  - 1.7. Política Lingüística.
  - 1.8. Información e comunicación.
2. Deléganse en don JOSÉ RAMÓN PARDO ANDRADE as áreas de,
  - 2.1. Urbanismo, vivenda e solo, excluído o ámbito do casco histórico.
  - 2.2. Vias e obras, excluído o ámbito do casco histórico.
  - 2.3. Servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaira e cemiterios.
3. Deléganse en don ANDRÉS SANMARCO SANTOS as áreas de,
  - 3.1. Deportes.
  - 3.2. Promoción do emprego e traballo.
  - 3.3. Persoal.
  - 3.4. Réxime interior.
  - 3.5. Tráfico.
4. Deléganse en dona LORENA COUSO DOPAZO as áreas de,
  - 4.1. Festexos.
  - 4.2. Novas tecnoloxías.
  - 4.3. Educación e ensino.
  - 4.4. Benestar e servizos sociais.
  - 4.5. Praza de abastos e mercados.

**Segundo.** Delegar de forma indistinta en todos os concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal as competencias que a este Alcalde lle outorga o artigo 51.1 do Código Civil para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal.

Esta delegación faculta a todos os Concelleiros e Concelleiras para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma ceremonia poida intervir máis dun deles.

**Terceiro.** Nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos Concelleiros ou Concelleiras delegadas, este Alcalde asumirá de xeito directo e automático as competencias delegadas en

tanto que titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

**Cuarto.** De conformidade co establecido no artigo 44 do ROF, as delegacións enumeradas nos apartados anteriores terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto aos Concelleiros e ás Concelleiras afectadas e terán carácter indefinido, sen perxuízo da potestade de avocación, revogación ou modificación das mesmas por parte desta Alcaldía.

**Quinto.** Requerir ás concelleiras e aos concelleiros relacionados no apartado primeiro a aceptación expresa das delegacións que se efectúan, a cal se entenderá tacitamente outorgada si no término de 3 días hábiles, contados desde a notificación da presente resolución, non formulan ante este Alcalde manifestación expresa en sentido contrario.

**Sexto.** Ordenar a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ás e aos interesados, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


**Sétimo.** Comunicar o presente acordo aos diferentes servizos municipais e dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.>>

Sr. Alcalde. Explica que son as mesmas da lexislatura anterior pero que, neste caso, as que levaba o señor García Diós agora as llevará a señora Couso Dopazo.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



A.ºdo Antonio Fernández Angueira



A.ºda Ana María Ares Álvarez